

do ILG. O 25 de xaneiro do 2005 Rosario Álvarez Blanco foi nomeada directora do ILG, despois de ser elixida polo Consello Científico do Instituto. Catedrática en Lingua Galega da USC, é membro da Comisión de Lingua do Consello da Cultura Galega e membro fundador do Instituto Rodrigues Lapa. Dende 1973 realiza o labor de investigación no ILG, compaxinándoo coo de profesora na Facultade de Filoloxía de Compostela.

Forma parte do equipo que desde 1974 elabora o *Atlas Lingüístico Galego* e participa noutros proxectos de investigación no eido da lingüística do idioma galego, sobre todo en proxectos de gramática. Coautora da *Gramática da lingua galega* (Galaxia 2002) e autora dun gran corpus de artigos sobre gramática e lingüística galega en revistas especializadas, particularmente en *Verba* da USC e *Cadernos de lingua* da RAG.

— *Simposio ILG: emerxencia do galego*. Do 2 de novembro ó 2 de decembro do 2005 o ILG e a Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega organizan o Simposio *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita da Idade Media* no que se vai someter a estudo o proceso de incorporación do romance á escrita medieval.

O contido das conferencias xira arredor destes eixes: 1) o encadramento xeral no proceso en Europa, en relación coa renovación xurídica que propiciou o paso á escrita das linguas vulgares; 2) o paso do latín ó romance no noso contexto xeográfico, ollando para o acontecido noutras áreas lingüísticas e políticas da Península Ibérica: Aragón-Cataluña, León-Castela, Portugal; 3) a historia da Galicia do momento; 4) os primeiros alentos escritos do romance galego: na literatura (verso e prosa) e na documentación; e 5) o estado da lingua galega no momento da súa emerxencia escrita: planos gráfico, morfolóxico, léxico, onomástico, da variación dialectal, etc.

— *Publicacións do ILG*. ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO, FRANCISCO FERNÁNDEZ REI, ANTÓN SANTAMARINA (eds.): *A lingua galega: Historia e actualidade*. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996. Santiago de Compostela, vol. II. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega, 2004, 712 p.

Este volume II ábrese cos textos das conferencias plenarias de X. Alonso Montero (“O escritor galego e o problema da lingua”), C. García (“De Rosalía a Dieste. Reflexións sobre o léxico dos escritores”) e Ž. Muljačić (“Ex compluribus paucae. Fenomeni di ‘accorpamento’ e di ‘scorporo’ nella storia delle ‘piccole’ lingue romanze”).

A seguir figuran 10 relatorios da sección 11 Planificación Lingüística (Status) da autoría de D. Asorey, M. Bermúdez e S. García Conde, I. Galanes e M. Souto, E. Mariño e R. Noya, S. Mayo e I. Vaquero, H. Monteagudo, M. C. Núñez Singala, I. M. Roca, L. Rodríguez e D. Romero e X. M. Santos; e 14 relatorios da sección 12 Planificación Lingüística (Corpus) da autoría de X. Cociña, L. Daviña Facal, C. Díaz Abreira, X. A. L. Dobao, F. Fernández Rei, M. García Ares, X. García Cancela, X. Graña, C. Hermida, J. Kabatek, P. Pérez Faxil, X. R. Pichel, X. A. Rodríguez Río e M^a X. Rodríguez Valcárcel.

Da sección 13 Didáctica da Lingua hai 9 relatorios da autoría de D. Castro e R. Goullón, E. Fernández Rei, X. C. Fraga, I. García Piqueras, C. Mejía, F. Peliquín, F. Peliquín e outros, M^a F. F. Tavares e E. T. Zamora; e da sección 15 Proxectos e Traballos en Curso figuran 12 traballos, obra de R. Álvarez e outros, C. Ares e outros, A. I. Boullón, C. Fernández González, M. González González, M. A. Kuchenreuther, R. M^a Losada, M^a T. Sanmarco, X. Sousa, F. X. Varela e R. R. Vega. Prevese a publicación do vol. III destas Actas a finais do 2005.

— Ana Isabel BOULLÓN AGRELO (ed.): *Novi te ex nomine. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Biblioteca Filolóxica Instituto da Lingua Galega, 2004, 763 p.

Contén case 60 traballos distribuídos en áreas temáticas, que reflicten practicamente as liñas de investigación de D. Kremer. Encabezan a obra dúas contribucións sobre a súa biografía, da autoría de R. Lorenzo e de M. Bascoy e N. Grischkat. A seguir aparecen 11 traballos de lexicografía (R. Álvarez, E. Caffarelli, S. A. Marcelino Cardoso, M^a F. Carrera, C. García Gallarín, M^a D. Gordón, T. Labrador, A. Monjour, J. L. Ramírez, G. Navaza e M. Sala); 13 traballos de antroponimia (V. G. Ferreira, D. Tomescu, E. D. Lawson, P.-H. Billy, A. M^a Cano, I. Castro, J. Germain, M. Mulon, M. Pfister, E. Piquer, H. Solin, N. Wagner e H. J. Wolf); 12 traballos de toponimia (J. de Alarcão, I. Bily, J. Bolòs, C. Búa, T. Buesa, E. Casanova, X. Ll. García Arias, A. Lapierre, O. Lurati, W. Müller, S. Ruhstaller e J. Untermann); 4 traballos de onomástica literaria (A. Iglesias, N. Nunes, A. Palacio e B. Porcelli); 4 de historia da lingua (M. Ariza, G. Holtus e J. Kramer, G. Taverdet e X. Viejo); 3 de sociolingüística (U. Mühlshlegel, M. Regueiro e L. M. Calvo); 5 de literatura (P. de Lemos, H. González Fernández, M^a X. Lama, L. Pozo Garza e H. Siepman); e unha miscelánea de catro traballos (L. Méndez, W. Thielemann, R. Marquilhas e I. Torrente).

O 18 de xaneiro do 2005 presentouse este volume na Facultade de Filoloxía da USC nun solemne acto que presidiu o Reitor da Universidade Senén Barro e no que, ademais do profesor homenaxeado con motivo do seu 60 aniversario, participaron, os catedráticos da USC Ramón Lorenzo e A. Santamarina, o Decano da Facultade X. E. González Seoane, Marta Rei (responsable de publicación da Fundación Barrié) e a editora do volume Ana I. Boullón.

— Rosario ÁLVAREZ e Antón SANTAMARINA (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Biblioteca Filolóxica Instituto da Lingua Galega, 2004, 770 p.

Contén traballos de A. S. Alonso (sufixación diminutiva non verbal non corpus medieval), R. Álvarez e X. Xove (unha carta do séc. XVIII), X. B. Arias (importancia do manuscrito), I. Castro (autógrafos e xénese textual na literatura galega), X. H. Costas (historia e toponimia do val do Ellas), X. L. Couceiro (cantiga do beato de Valcavado), X. M^a Dobarro (poema inédito de Alberto Camino), F. Dubert (orixes da fragmentación diatópica do galego), F. Fernández Rei, C. Hermida e A. R. Tato (historias de vida e léxico do Castiñeiriño-Santiago de Compostela), B. Fernández Salgado (uso das linguas na publicidade da TVG), X. A. Fernández Salgado (citas de autor no dicionario de Valladares), X. Ferro (o nome castelán de Galicia), C. Folgar (uso de *dezir* no *Libro de buen amor*), R. M^a Franco (microtoponimia e estudo de vías romanas), D. Kremer ('xenealoxías' da Galicia medieval), X. M^a Lema (onomástica de Berdoias nos séc. XVII-XVIII), R. Lorenzo (problemas de abreviaturas na edición de documentos medievais), D. Mackenzie (un documento galego-castelán do séc. XV), R. Marquilhas (trazos distintivos, góticos e electrónicos), A. M^a Martins (emergencia do portugués escrito na 2^a metade do séc. XII), X. Maure (notarios de Baiona: Lourenço Martins), L. Méndez (onomástica persoal en Galicia no 2001), H. Monteagudo (*Alba de grioria! A significación espiritual do día de Galicia*), B. Moreira ("Diz-me que língua falas, dir-te-ei..."), M^a C. Noia (fontes do *Conto gallego*), A. Palacio (unha imaxe de cetrería en Cunqueiro), C. Sáez (a maxia dos círculos), A.

Santamarina (información comparativa e etimolóxica no dicionario de F. J. Rodríguez), X. Sousa (construcións causativas medievais con *mandar*), A. Tato (unidade de mercado e pluralidade lingüística) e F. R. Tato e A. I. Boullón (fontes para o estudo da lingua medieval).

O 18 de febreiro do 2005 presentouse na Facultade de Filoloxía da USC esta homenaxe a Fernando R. Tato quen fora profesor da facultade e investigador do ILG, que faleceu o 8 de xaneiro do 2000, cando aínda lle quedaban máis de 33 anos para se xubilar. No acto participaron a actual directora do ILG Rosario Álvarez e o ex-director Antón Santamarina (e editores do volume), o profesor da mesma facultade Henrique Monteagudo e o Decano X. E. González Seoane. Tamén estivo na presidencia do acto Ana I. Boullón, viúva de Fernando R. Tato.

— Rosario ÁLVAREZ e Henrique MONTEAGUDO (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega, 2005, 439 p.

Esta obra contén os relatorios do Simposio ILG *Prescrición e variación* celebrado entre o 13 de novembro e o 2 de decembro do 2003. V. Demonte, J. Solà e I. Duarte estudan a norma en español, catalán e portugués, respectivamente; e a seguir figuran traballos relativos á norma e á variación en galego: R. Álvarez e outros (proxecto de *Gramática* da RAG), X.L. Regueira (estándar oral), E. Fernández Rei (estándar prosódico), C. Diéguez e outros (maiúsculas e minúsculas), L. Cures e outros (acentuación das interrogativas indirectas), S. Alonso (variación e prescrición ortográfica e gramatical entre 1950 e 1982), P. Sánchez (codificación ortográfica e gramatical entre 1980 e 2000), F. Dubert (vogal temática nos adxectivos en *-nte*), L. Santos (diminutivos), B. Silva (converxencia e diverxencia en estruturas morfosintácticas), I. Vaquero (cláusulas de relativo), X. Xove (verbo), F. Cidrás (sintaxe), R. Álvarez (estándar sintáctico) e H. Monteagudo (norma e uso).

— A finais do 2005 prevese a publicación do vol. V do *Atlas Lingüístico Galego. O ser humano* (1), coordinado por Rosario Álvarez, Francisco X. Dubert e Xulio C. Sousa Fernández; e da obra de Xulián Maure *Para unha escriptoloxía do galego. Edición e estudo escriptolóxico do Tomo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490)*, na Biblioteca Filolóxica ILG.

Corpus da Lingua Galega. — A finais do 2004 presentáronse oficialmente dous corpus que desde había anos se viñan desenvolvendo no Instituto da Lingua Galega: o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) <http://www.ti.usc.es/tilg> e o *Tesouro Informatizado Medieval da Lingua Galega* <http://www.corpus.cirp.es/tmilg>.

— O equipo do TILG, dirixido por Antón Santamarina, fórmalo investigadores, bolseiros e colaboradores da USC, que comezaron o seu labor en 1986. Trátase dunha base de datos que baleira textos do galego moderno desde o ano 1612 ata a actualidade (hai varios textos do 2002). Procurouse unha representación equilibrada de todos os xéneros e rexistros, desde o texto oral ata a poesía máis requintada ou a prosa científica máis austera. En novembro do 2004 a lista de claves de obras incluídas era e 1.464.

Cada rexistro da base de datos contén unha palabra, cos seus contextos anterior e posterior, o lema que lle corresponde, a categoría gramatical e localización (autor, obra e ano). Contando tamén as palabras que non se lematizaron (gramaticais, frecuentes e nomes propios) o número de palabras procesadas achégase ós 20 millóns, das que se lematizaron 11.749.291. O número de lemas diferentes pasa de 90.000, cifra considerable de termos en conta que todas as variantes fonéticas dunha palabra foron reducidas a un lema único.

Este corpus, de acceso libre, ideouse para a fabricación dun dicionario do galego moderno, pero tamén pode valer para traballos de carácter filolóxico, tanto lingüísticos como literarios. Ademais, pode ser útil para a documentación en estudos históricos, antropolóxicos, xurídicos, políticos, musicais...

— O equipo do TMILG, dirixido por Xavier Varela, fórmano investigadores, bolseiros e colaboradores da USC e da Universidade de Vigo, que desde 1993, e en coordinación co equipo do TILG, vén enriquecendo permanentemente as súas bases textuais.

En outubro do 2005 a base do TMILG contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas). Das obras notariais xa está incluída unha boa parte das publicadas (aproximadamente o 85%) e están moi avanzados os traballos para a carga das restantes, prevista para mediados do 2006. En número os documentos colectados son máis de 12.500, nun arco cronolóxico que vai do século XIII a principios do XVI (con rexistros romances desde o VIII). En número de palabras o TMILG pasa na actualidade dos nove millóns, que dan arredor de 170.000 formas gráficas distintas.

A consulta do corpus é de acceso libre, previo rexistro como usuario. Fabricouse para a elaboración dunha gramática histórica. Ten utilidade en calquera rama lingüística e literaria da filoloxía, así como en diversas disciplinas, como a historia, a paleografía, a xeografía, o dereito e a política, a antropoloxía, as ciencias da saúde, etc.

— Un equipo do ILG, dirixido por Ernesto X. González Seoane, redactou un *Diccionario de diccionarios medieval*, que na súa 1ª edición conterá 16 glosarios de obras medievais, ós que se irán incorporando outros en sucesivas edicións. En Portugal e Brasil fixéronse ou estanse elaborando compilacións semellantes, pero este proxecto do ILG, que ten como novidade o formato electrónico, presenta moito material galego novo. Prevese a publicación deste *Diccionario* a finais do 2005 como anexo da revista *Verba* da USC. [F. F. R.]